

## PRESENTACIÓN MATERIA

<b>MATERIA</b>	<b>Xadrez</b>	<b>CURSO</b>	<b>1º ESO e 2º ESO</b>
<b>CURSO ACADÉMICO</b>	<b>2017-2018</b>	<b>PROFESOR</b>	<b>Celso Campo Rodicio</b>

### CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1

Descrición do contido	BLOQUE 1: Fundamentos do xadrez	Estándares de aprendizaxe
Taboleiro: colocación, cadros, columnas, ringleiras, diagonais, flancos e centro.		Sitúa adecuadamente o taboleiro e identifica ringleiras, columnas, diagonais, flancos e centro antes de empezar a xogar. Aplica conceptos xeométricos sinxelos (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, áreas, etc.) co movemento das pezas no taboleiro.
Pezas: nomes e colocación. Vocabulario do xadrez.		Coñece o nome das pezas en varias linguas e sabe colocalas no taboleiro Usa con corrección o vocabulario específico do xadrez.
Movements das pezas.		Reproduce con corrección os movementos das pezas do xadrez.
Reloxo: tipos ao longo da historia.		Distingue o valor das pezas do xadrez. Identifica os tipos de reloxos ao longo da historia do xadrez.
Valor das pezas. Equivalencias.		Utiliza o reloxo nunha partida. Realiza operacións combinadas cos valores das pezas, aplicando correctamente a xerarquía de operacións. Realiza e formula actividades e problemas matemáticos onde se manexe o valor das pezas do xadrez de xeito creativo.
Capturas das pezas.		Aplica a captura das pezas. Identifica xogadas erróneas con certa rapidez.
Ameazas e defensas. Xogadas erróneas.		Aplica as formas de defenderse das ameazas das pezas. Recoñece os motivos polos que un/unha xogador/a sacrifica unha peza.
Enroque: curto e longo. Condicións para o enroque.		Recoñece os tipos de enroque. Aplica correctamente o enroque ao longo dunha partida. Identifica cando se pode facer o enroque. Representa sobre o taboleiro casos prácticos sobre o enroque.

### CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2

Descrición do contido	BLOQUE 2: O xogo en acción	Estándares de aprendizaxe
Concepto de xaque. Defensa e tipos.		Realiza xaques como estratexia de ataque nunha partida. Recoñece as formas de evitar un xaque ao longo dunha partida e elixe a máis conveniente en cada caso.
Xaque mate. Mates famosos.		Reproduce nun taboleiro os mates máis famosos.
Combinacións de xaque mate: con dama, con torre, con alfil, con cabalo e con peón.		Reproduce xaque mate con rei e outras pezas, contra o rei contrario. Resolve e formula casos prácticos de xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas.
Xaque mate en unha, dúas ou tres xogadas con diferentes pezas.		
Táboas: tipos.		Distingue todos os casos de táboas. Reproduce casos prácticos de táboas nunha xogada.

Notación das xogadas: alxébrica e descritiva (clásica).	Anota correctamente os movementos das pezas nun patrón de xadrez ao longo dunha partida. Establece equivalencias entre a anotación alxébrica en xadrez coa representación de puntos no plano nos eixes cartesianos. Reproduce unha partida no taboleiro desde as anotacións alxébricas.
Combinacións: dobre ameaza, cravada, descuberta e raios X.	Distingue as fases dunha combinación: formulación, análise e combinación Realiza dobres ameazas, cravadas, descubertas e raios X. Realiza os dous tipos de descubertas. Reproduce e formula posicións no taboleiro de xadrez de todos os casos de combinacións.
Intercambios: presión-defensa, intercambios de pezas, simplificación e contraataque.	Aplica intercambios eficaces ao longo da partida. Identifica cando nunha simplificación se entra no final de xogo. Formula situacións de todos os casos de intercambio de pezas.
Introdución aos principios da apertura. Erros na apertura.	Coñece como se domina o centro na apertura. Aplica as normas básicas da apertura e evita erros graves. Anticipa as posibles xogadas do/da contrincante.
Final. Finais de rei e peóns. Finais con pezas.	Reproduce e aplica a regra do cadrado no final de rei e peóns, a regra da posición, o final de rei contra rei e peón, o final de dous peóns e os finais de dous peóns e pezas menores.

### CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3

Descrición do contido	BLOQUE 3: Transversalidade no xadrez	Estándares de aprendizaxe
Historia do xadrez. Lenda de Sissa		Utiliza o concepto de sucesión numérica na lenda de Sissa.
Campións e campioas do mundo.		Traballa de xeito cooperativo sobre a evolución do xadrez e das súas pezas en diferentes países, utilizando as TIC. Coñece os/as mellores xogadores/as de xadrez e analiza o papel das mulleres neste xogo.
Xadrez e ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación (aplicacións de teléfono mó bil, programas informáticos de xadrez, espazos virtuais de almacenamento de información, aplicacións de animación estilo flash, scratch, etc.)		Coñece e manexa programas e aplicacións de teléfono móbil relacionados co xadrez. Utiliza espazos de almacenamento de información en rede (blog, wiki, etc.) para favorecer o intercambio de información entre os membros do grupo co que traballe. Coñece e manexa diferentes plataformas de xadrez en liña que reforcen a aprendizaxe dos contidos do xadrez, ademais de poder desenvolver partidas con xogadores/as doutros países
Xadrez e matemáticas.		Desenvolve estratexias de cálculo mental para realizar operacións cos distintos tipos de números e porcentaxes a través do xadrez. Formula e resolve problemas e cuestións xeométricas sinxelas (paralelismo, perpendicularidade, ángulos, polígonos, simetrías, perímetros, superficies, etc.) nas que se traballen conceptos do xadrez. Interpreta e analiza gráficas elementais nun contexto de xadrez. Representa datos de xadrez en gráficas e calcula a media, a mediana e a frecuencias absolutas e relativas, co fin de extraer conclusións. Calcula probabilidades sinxelas de sucesos ligados a experimentos de xadrez. Elabora cuestionarios sobre contidos que relacionen as matemáticas co xadrez e avalíalos con corrección e precisión.



Pasatempos con xadrez: sudokus de xadrez, salto do cabalo, lanzarraios (co movemento da torre) etc.	Resolve e crea pasatempos de xadrez con autonomía e eficacia. Comprende textos de diferentes xéneros literarios que fagan referencia á temática do xadrez. Crea e redacta versos emparellados sobre temática do xadrez seguindo modelos establecidos.
O xadrez na literatura, na música e no cine.	
O xadrez nos medios de comunicación.	Resume e analiza de xeito crítico a representación do xadrez no cine. Procura información de actualidade sobre o xadrez e analízala dun xeito crítico.

## 6.- AVALIACIÓN

### 1. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN INICIAL

#### a. Data de realización.

A principio de curso

#### b. En que consistirá? (proba tipo test, preguntas e respostas, confección de mapas, gráficas, etc. Relacionados cos estándares?)

Actitude cara a materia

#### c. Como se informará ás familias?

Nas guías de familias que se entrega na recepción l de pais de principio de curso se informa das datas de avaliación inicial e a través dos titores poden coñecer en detalle o resultado da mesma.

#### d. Cales serán as consecuencias dos resultados?

Non será avaliábel

### 2. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN CONTINUA

#### a. Con que temporalización se farán probas escritas?

Non faremos exames

#### b. Como se cualificarán as probas, traballos individuais ou colectivos, traballos na libreta, observación. Ponderación, redondeo,...

A nota da avaliación dependerá da actitude que teña o alumno na aula, intento de mellorar comportamento, etc

#### c. Como se fai a media de cada unha das avaliacións? Ponderación, redondeo,...



A nota da avaliación dependera da actitude que teña o alumno na aula, intento de mellorar comportamento, etc

**d. Que aspectos se van a valorar dentro da observación do traballo de aula?**

A actitude e o comportamento

**e. Como se recupera unha proba non superada?**

Non faremos exames

**f. Cómo se recupera unha avaliación non superada?**

A avaliación será continua. Si se suspende unha avaliación recuperarase na seguinte, mellorando a actitude e o comportamento

**4. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN FINAL**

**e. Quen debe ir a avaliación final?**

A avaliación e continua

**f. En que consistirá a proba?**

Non faremos proba

**g. Que estándares se van a avaliar? Avaliación pendentas, todos,...**

-----

**h. Como se elabora a cualificación final. Ponderación, redondeos, ...?**

A nota será a nota media das tres avaliacións

**i. Que criterios segue o centro para a promoción?**

-----

## **5. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA**

### **a. Que tipo de proba se vai aplicar, número de preguntas, valoración de cada unha delas, ... ?**

Si algún alumno/a, debido a súa completa falla de actitude, falta de asistencia,..., suspende na avaliación ordinaria, darémoslle un traballo para que o presente na avaliación extraordinaria

### **b. Como se cualifica, redondeo, ...?**

O alumno aprobará si presenta o traballo. A nota será de acordo con ese traballo

## **PROMOCIÓN**

Seguiremos as normas xerais do centro, de acordo ca normativa vixente



---

Modelo acorde ao artigo 21 do capítulo IV relativo a avaliacións, promoción e titulación DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.